



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de xullo de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

5.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS ANO 2019. EXPTE. 180400/301.

Visto o informe de fiscalización do 08/07/19, dáse conta do informe-proposta do 21/06/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2019, resultan os seguintes feitos:

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.03.2019 (BOP nº 62, do 29.03.2019 e extracto no BOP nº 64 do 03.04.2019) apróbanse as bases e a convocatoria de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.

II. Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instructora do expediente, co informe da Comisión de avaliación de data 13.06.2019, formula proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando a Acta da citada Comisión na que se detallan as distintas propostas de concesión e denegación de axudas, sinalando, no seu caso, o concepto e o importe das mesmas.

III. Existe crédito adecuado e suficiente na aplicación nº 2310.489.00.00 (Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social) no vixente orzamento de gastos, por un total de 50.000 €.

IV. O reparto do crédito establécese en función da puntuación obtida ó valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

V. O importe exacto a conceder ascende a 49.808,80€, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado pola entidade "ASOCIACIÓN FADEMGAL PLENA INCLUSIÓN GALICIA".

VI. As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establece o Artigo 31.7 i) da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 08:37	Páxina 1 de 5
SUBVENCIONS	CSV: A5A14F-E851AF-C545ED-SU9NUP-FY8V3J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Artigo 24.4 e 7 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

VII. Faise constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de 49.808,80 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2019, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
1	182313-301	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO VERBAS	21	1,163.40
2	182318-301	SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL EN ESPAÑA	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCIÓN A FAMILIAS Y PERSONAS	22	1,218.80
3	182699-301	FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA SÁLVORA	Información e asesoramento en materia de tutela e protec. a pers. con disc. intelectual	24	1,329.60
4	182864-301	AGRUPACIÓN SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	Vive Deportivamente 2019	22	1,218.80
6	183275-301	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	Progr. Integral de Información y Atención Sociofamiliar a Familiares, Coidadores e Persoas con Enfermidade Mental	24	1,329.60
7	183676-301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SÍNDROME DE DOWN	“Move o teu corpo con xeito” Obradoiro de psicomotricidade	24	1,329.60
8	183806-301	ASOC ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	Programa de Rehabilitación Psicosocial do Doente Laringectomizado	24	1,329.60
9	183910-301	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	Parkinson canta	19	1,052.60
10	183985-301	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGÍA ASVIDAL	Unidade de apoio para o programa de capacitación socio-laboral	26	1,440.40
12	184134-301	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	Xuntos crecemos	16	886.40
14	184435-301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2019	17	941.80
15	184438-301	FUNDACIÓN ALDABA	“ACHEGÁNDONOS”	31	1,717.40
16	184509-301	ASOCIACIÓN DOA SAUDE MENTAL	O Tai Chi na rehabilitación psicomotriz en persoas con problemas de saúde mental 2019	24	1,329.60
17	184513-301	FUNDACIÒ ISIDRE ESTEVE	Centro Ponte de Vigo	28	1,551.20
18	184515-301	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA	Taller de teatro para maiores	19	1,052.60



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 08:37	Páxina 2 de 5
SUBVENCIONS	CSV: A5A14F-E851AF-C545ED-SU9NUP-FY8V3J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

19	184640-301	APAMP ASOC. FAM. PERS. PARÁLISE CEREBRAL	Xente independente	19	1,052.60
20	184641-301	FEDERACIÓN COGAMI PONTEVEDRA	Fisioterapia aplicada á mellora da psicomotricidade das persoas con discapacidade de Vigo 2019	24	1,329.60
21	184689-301	ASOCIACIÓN ASPANAEX	Obradoiros alternativos: "os meus recordos" e "a miña formación afectivo-sexual"	18	997.20
22	184709-301	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	Na rúa Vigo	28	1,551.20
23	184713-301	LA SAL DE LA TIERRA ASOCIACIÓN	Comedor Social "La Sal de la Tierra"	33	1,828.20
24	184753-301	FUNDACIÓN MENIÑOS	VIAXE AO REINO DAS EMOCIÓNS	25	1,385.00
26	184762-301	ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	SMART SENIORS EN VIGO	21	1,163.40
27	184796-301	ALDEAS INFANTILES SOS DE GALICIA DE VIGO	Programación anual de actividades de formación, comunicación e convivencia para o desenvolvemento de competencias persoais e parentales	25	1,385.00
28	184956-301	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	Programa de ocio e tempo libre e adquisición de hábitos psíquico-físico saudables	24	1,329.60
29	184959-301	FUNDACIÓN CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME-Atención integral a mulleres inmigrantes (Programa Catimi)	30	1,662.00
30	185005-301	ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	32	1,772.80
31	185006-301	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDA EN BEADE 2019	18	997.20
32	185011-301	ASEM GALICIA	"DESAFIANDO REALIDADES": Proxecto de apoio psicosocial dirixido a persoas afectadas por unha enfermidade neuromuscular da cidade de Vigo	20	1,108.00
33	185016-301	ASOC FIBROMIALGICA DE PONTEVEDRA	Ejercicios de Recuperación Funcional (recuperación de movementos)	18	997.20
34	185019-301	ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO	Proxecto de formación en TEA: síndrome asiados e intervención dende o apoio condutual positivo	17	941.80
35	185023-301	ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	Na idade de aprender a comunicarnos dixitalmente	19	1,052.60
36	185024-301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	Fisio-Alzheimer 2.0	22	1,218.80
38	185121-301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCIÓN ANHIDA	Terapias grupais para persoas TDAH: psicoloxía e psicopedagogía	23	1,274.20
39	185124-301	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Proxecto de acompañamento social 2019 – Somos persoas acompañando a persoa	29	1,606.60
40	185126-301	ASOCIACIÓN XARUMA	Naturalmente: Proxecto de acompañamentos e respiros familiares para previr a exclusión de persoas con enfermidade mental e fomentar o adestramento de habilidades para unha vida autónoma, promovendo a súa participación na vida comunitaria	27	1,495.80
41	185130-301	FUNDACIÓN IGUAL ARTE	Cor e movemento	16	886.40



46	185473-301	FADEMG PLENA INCLUSIÓN GALICIA	Servizos de Información, Orientación Laboral e Apoios ao Emprego Especifico para Persoas con Discapacidade Intelectual	30	1,500.00
47	185475-301	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA (AVEMPO)	Logopedia en esclerose múltiple	19	1,052.60
48	185476-301	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	Facilitando o acceso a educación secundaria obrigatoria	24	1,329.60

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 14.03.2019:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN	IMPORTE CONCEDIDO
5	183010-301	ASOCIACIÓN GALLEGA DE FIBROSIS QUISTICA	Programa de información, sensibilización, para persoas con fibrose quística	0	DESESTIMADA BASE 6ª.b)	0.00
11	184003-301	ASOCIACIÓN ENFERMOS DE ARTRITE DE PONTEVEDRA (ASEARPO)	“Coñecendo as Miñas Posibilidades”: Abordaxe sos aspectos psicosociais na artrite	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
13	184234-301	ASOCIACIÓN ALCER	XERANDO NOVAS SINERXIAS: A importancia do apoio psicosocial nas persoas con enfermidade renal crónica do concello de Vigo	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
25	184758-301	FUNDACIÓN AMIGÓ	PROYECTO CONVIVIENDO VIGO	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
37	185120-301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	Ti queres, ti podes!	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
42	185235-301	ASOCIACIÓN VENEZOLANOS UNIDOS EN VIGO	Vigo contido, mis panas	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
43	185241-301	ASOC DE BULÍMICOS Y ANORÉXICOS DE PONTEVEDRA	Intervención psicoeducativa e social en autoestima e autocoidado emocional	0	FORA DE PRAZO	0.00
44	185245-301	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	Segundas oportunidades	2	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00
45	185472-301	ASOCIACIÓN DIVERSIDADES	Neoelectores	3	DESESTIMADA BASE 3.4	0.00

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 08:37	Páxina 4 de 5
SUBVENCIONS	CSV: A5A14F-E851AF-C545ED-SU9NUP-FY8V3J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/05/2024 08:37	Páxina 5 de 5
SUBVENCIONS	CSV: A5A14F-E851AF-C545ED-SU9NUP-FY8V3J-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>